



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día 8 de xaneiro de 2026, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, no correo electrónico facilitado, así como nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de novembro de 2025.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2025.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Aprobación, se procede, da proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, para que se inste á Xunta de Galicia ó arranxo e adecuación da Avda. Rosalía de Castro.
5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do BNG, relativa á reparación urxente das deficiencias do CEIP A Lomba.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, para instar ao goberno local a que convoque a licitación do novo contrato da Escola Infantil Municipal, á maior brevidade posible.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, para a creación dun protocolo municipal contra o acoso laboral e sexual no Concello de Vilagarcía de Arousa.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar a Portos de Galicia ao arranxo antes do verán da balastrada e do Paseo do Preguntoiro.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, para instar á Consellería de Economía e Industria á redución da altura da terminal impulsada por Betunes Gallegos SLU e reducir o impacto nun contorno con protección patrimonial.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
13. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
14. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 30 de decembro de 2025.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A SECRETARIA XERAL,

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

